

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE “REDE DE SANEAMENTO EN CERNADAS DE ABAIXO”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020

A Coruña, a 30 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Carlos Vázquez Quintián, alcalde do concello de Vilarmajor, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Vilarmajor ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de

distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais

galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.

Sexto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio teñen por obxecto dotar de rede de saneamento público ao núcleo de Cernadas de Abaixo. O obxectivo é conectar as vivendas deste núcleo á rede de saneamento existente, para o que é necesario ampliar a rede de tubaxes.

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras “Rede de saneamento en Cernadas de Abaixo. Concello de Vilarmajor (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:


1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade coa correspondente memoria valorada que Augas de Galicia comunicará ao Concello, sexa esta de igual contido e contía, ou diferente, da enviada, no seu caso, polo Concello a Augas de Galicia. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
2. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación



forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

3. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia. No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
4. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
5. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.
6. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro
3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.

QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, debendo o concello remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria, previo requirimento.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 60.500,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2016

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 "servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais", Submedida 7.2 "apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía".
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo

de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os hipotéticos incrementos derivados de posibles modificacións das actuacións serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partir desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2016. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar a parte incumplidora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que

conten este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Beatriz Mato Otero

O alcalde de Vilarmaior



Carlos Vázquez Quintián